

BALANCE SOCIAL: CONCEPTO E INDICADORES.

O balance social da empresa é un documento que avalía os custos e beneficios que xera a actividade empresarial en relación a tres aspectos: **económica** (xerar riqueza), **social** (prácticas responsables de contratación, non discriminatorias) e **ambiental** (coidado do ámbito físico reducindo a contaminación, eliminando os residuos, etc.).
Indicadores que se utilizan: Xornada laboral e horario, condicións de traballo (seguridade, protección), formación do persoal, gastos en I+D, bolsas e bolsa, custos externos das empresas,...

PERÍODO MEDIO DE MADURACIÓN

É o tempo que tarda a empresa en recuperar o diñeiro investido no proceso produtivo: os días que tardan os elementos de circulante completan o ciclo de explotación



$$PMM = PMA + PMP + PMV + PMC$$


$$PMM \text{ FINANCIERO} = PMA + PMP + PMV + PMC - PMP$$

VERIFICACIÓN E PRESENTACIÓN DAS CONTAS ANUAIS

1. Rexistro contable: resúmese nas Contas Anuais
2. Verificación da información: **auditoría**.
3. **Depósito** das contas Anuais no Rexistro Mercantil

AUDITORÍA

AUDITORÍA: Verificación da información contable (que as contas anuais se axustan á *imaxe fiel* do patrimonio da empresa) realizada por expertos independentes.



Tema 13 FISCALIDADE

TRIBUTOS

Ingreso público de obrigado pagamento para o contribuínte por dispoñelo así unha lei.

Impostos	Sen contraprestación directa.
Taxas	En contraprestación dun servizo público ou pola realización dunha actividade que beneficia directamente ao usuario.
Contribucións especiais	Cando unha obra supón un incremento de valor no patrimonio do contribuínte, aínda que beneficie a toda a colectividade.

ELEMENTOS: (SEGUNDO A LEI XERAL TRIBUTARIA)

Suxeitos	Contribuínte: É a persoa física ou xurídica a que recae o imposto.
	Suxeito pasivo: É a persoa física ou xurídica que a lei obriga ao cumprimento das prestacións tributarias e as obrigas formais e materiais do imposto. Pode coincidir co contribuínte (por exemplo no IRPF) ou non (como por exemplo no IVE que o suxeito pasivo é a empresa e o contribuínte é o consumidor).
	Suxeito activo: Unha administración pública.

Feito Impoñible: É o que da lugar ao nacemento do imposto (obtención de renda, compra dun ben,...).

Base imoñible: É a cantidade en que se cuantifica o feito imoñible.

Base liquidable: É o resultado de aplicar á base imoñible as reducións que legalmente se determinen.

Tipo de gravame ou tipo impositivo: É a porcentaxe que en cada caso se aplica á base liquidable para calcular a cota do imposto. Por exemplo, no IVE, o tipo de gravame xeral é o 16%. O tipo impositivo pode ser progresivo ou proporcional.

Cota íntegra: É o resultado de aplicar á base liquidable, o tipo de gravame.

Cota líquida: É a que resulta de aplicar á cota íntegra, cando proceda, as deducións previstas pola lei.

Débeda tributaria: Configúrase pola cota tributaria así como polas recargas que sexan esixibles sobre as cotas, como o xuro de mora, as costas... etc.

CLASES DE IMPOSTOS

Directos e indirectos	Os directos gravan a riqueza, a posesión dun patrimonio ou a obtención dunha renda, en canto reflicten directamente a capacidade económica da persoa. Os indirectos gravan manifestacións indirectas da capacidade económica, como son a circulación ou o consumo da riqueza.
Progresivos e proporcionais	Son progresivos os que se gravan con maior tipo impositivo canto maior é a capacidade económica. Os proporcionais se o tipo impositivo é o mesmo sexa cal sexa a capacidade económica do suxeito pasivo.
O ámbito de xestión	Estatal, autonómico, local,...e europeo.

FISCALIDADE DA EMPRESA

Os beneficios empresariais son gravados polo **IRPF** se a empresa é individual ou polo **Imposto de Sociedades** se é unha sociedade.

Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas (IRPF)

Imposto de carácter directo, progresivo e persoal que grava a obtención de renda por parte de persoas físicas de acordo coa súa natureza e as súas circunstancias persoais e familiares.

Constitúe o obxecto deste imposto a renda do contribuínte, entendida como a totalidade dos seus rendementos e as ganancias e perdas patrimoniais. É un imposto cedido parcialmente ás Comunidades Autónomas.

O feito imponible é a obtención de renda polo contribuínte. Compoñen a renda do contribuínte a suma de:

- Os rendementos do traballo.
- Os rendementos do capital inmobiliario.
- Os rendementos do capital mobiliario (intereses de contas bancarias, dividendos..).
- Os rendementos das **actividades económicas** (por conta propia).
- As ganancias e perdas patrimoniais.

O apartado que atinxe especialmente á empresa é o de rendementos das actividades económicas, que inclúe os beneficios obtidos polas empresas individuais.

No IRPF o tipo impositivo é PROGRESIVO.

Imposto sobre Sociedades

O Imposto sobre Sociedades é un imposto de carácter directo, proporcional e persoal que grava a renda das sociedades e demais persoas xurídicas.

A base imponible está formada polo rendimento obtido, que se calcula por diferenza entre os ingresos obtidos e os gastos necesarios para obtelos e polas variacións no patrimonio, que se calcula pola diferenza entre o prezo de venda e o prezo de compra dos activos.

O tipo impositivo xeral aplicable dende a reforma do 2008 é do 30%. Algunhas sociedades teñen tipos inferiores. Por exemplo as PEMES con facturación inferior a 8 millóns de euros teñen un tipo do 25% para os primeiros 120.202,41 € de base imponible e do 30% para o resto. As cooperativas especialmente protexidas tributan ao 20%.

Imposto sobre o Valor Engadido

O **IVE** (impuesto indirecto e proporcional) recae sobre o consumo e grava as entregas de bens e prestacións de servizos efectuados por empresarios ou profesionais (outras operacións están gravadas por outros impostos), así como as importacións e as adquisicións intracomunitarias de bens. Para as empresas é un imposto neutro, pois actúan unicamente como recadadoras.

Os tipos de IVE son: 21% tipo xeral, 10% reducido (para algúns bens e servizos como transporte de viaxeiros, vivendas, medicamentos, produtos alimenticios,...) e o 4% superreducido (para libros, bens de primeira necesidade como leite ou pan...).

Sopórtao o consumidor final pero ha de ser ingresado polo que entregou o ben ou prestou o servizo. As empresas e profesionais sopórtano cando pagan os bens e servizos que compran e o repercuten cando cobran os bens e servizos que venden. As empresas fan pois de recadadores do imposto e ingresan á Axencia Tributaria a diferenza entre o que repercutiron nas vendas e o que soportaron nas compras (é dicir, o seu valor engadido).

$IVE \text{ repercutido (nas vendas)} - IVE \text{ soportado (nas compras)} = IVE \text{ a ingresar ou a devolver}$

Ademais, as empresas adiantan o IVE ao estado pois deben ingresalo segundo as vendas, aínda que non se cobre dos clientes.

Imposto de actividades económicas (IAE)

O **IAE** é un imposto municipal e directo que grava o mero exercicio dunha actividade económica. Na actualidade hai unha exención do pagamento do IAE para: as persoas físicas, as sociedades que facturen menos de 1 millón de euros ao ano e calquera empresa nos dous primeiros anos.